




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Mariña Occidental. Municipio: Xove. Parroquia: San Tirso de Portocelo. Extensión: 0,83 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo de potentes acantilados coas elevacións costeiras pegadas á liña de costa, cerrando así o ambiente costeiro. Ou ben aparecen grandes acantilados graníticos convexos, ou ben vertentes moi inclinadas rematadas por paredes verticais. A tectónica xoga un papel fundamental na orientación dos planos das vertentes e no debuxo de varias indentacións que denotan un retroceso diferencial marcado.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade entra no dominio herciniano, cun granito de dúas micas. A unidade é atravesada de noroeste a sudoeste por unha banda de gneises e xistos migmáticos de idade precámbrica que pasa pola cima do Monte da Cadeira e remata en Punta Montecelos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade acantilada que se inclúe no dominio climático Cálido e Seco: precipitacións anuais que oscilan entre 800 mm e 1000 mm e temperatura media anual por enriba de 14° C. Os valores medios de amplitude térmica sitúanse entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Dominio absoluto dos solos pouco evolucionados sobre materiais graníticos: de tipo leptosol, onde aflora o substrato rochoso, regosoles nos tramos de forte pendente, e de tipo cambisol dístrico en áreas de menor desnivel.

AS AUGAS

Tramo acantilado sen rede fluvial destacable que verte sobre a masa de Augas Costeiras 20114.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa del IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Os acantilados atópanse protexidos polo LIC Costa da Mariña Occidental. Completamente acantilada, o hábitat máis importante é o 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Pero os afloramentos graníticos inclúen tamén unha interesante área con hábitats do subgrupo 82, Pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Ademais, nas vertentes costeiras que acompañan os acantilados aparecen importantes ambientes de matogueira costeira (4030 e 4040), con potencialidades para o 4020, Breixeiros húmidos atlánticos de zonas temperadas de Erica ciliaris e Erica tetralix.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Non se observan usos aparentes do solo, a excepción da colocación do faro da Punta Roncadoira. Polo demais, a maioría da unidade está cuberta por formacións vexetais costeiras con algunhas manchas de arboredo de repoboación no interior.

MORFOLOXÍA

Un dos trazos distintivos desta unidade é a inexistencia de edificacións. A única excepción é o faro de Punta Roncadoira, cuxo proxecto data de 1974. Así e todo, non entrou en funcionamento ata dez anos despois co obxectivo de enlazar a luz de costa entre os faros de San Cibrao, ao leste, e o de Estaca de Bares, ao oeste. O edificio consta dunha torre cilíndrica de formigón de 14 metros, aos que hai que engadir os 80 sobre o nivel do mar da localización na que se atopa. O feixe de luz que xera ten un alcance de 21 millas náuticas e dende 1993 pertence á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria está composta unicamente pola estrada que permite o acceso ao faro de Punta Roncadoira dende o barrio de San Tirso de Portocelo e por unha pista en bo estado que parte da LU-2607, permitindo así o acceso ás ruínas da Capela de San Tirso, ao sudoeste da unidade.


PATRIMONIO HISTÓRICO

A pesar do abrupto relevo e difícil acceso que presenta esta unidade, consérvanse nela tres interesantes elementos patrimoniais. Sobre o Monte Castelo, a 133 metros sobre o nivel do mar, situábase un antigo castelo (BIC) do que hoxe só queda o cofecemento da súa existencia neste lugar. Por outro lado, na base dos acantilados do leste da unidade, atópase o depósito arqueolóxico do castro de Punta Mexilude e, próximo a el, localízanse as ruínas da capela de San Tirso de Portocelo. Conta a lenda, que o corpo despezado do santo chegou ata o mesmo acantilado, onde se edificou a capela nunha barca de pedra que se pode contemplar cando baixa a marea. Esta capela quedou en desuso nos anos trinta do século pasado, cando se rematou a construción da antiga igrexa parroquial de Vilachá. Dende esta localización obtéñense unhas boas vistas da enseada de Portocelo e da illa Sarón.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O relevo do tipo grande acantilado convexo, caracterizado polas súas paredes verticais e a súa posición avanzada na costa, determinan o carácter desta unidade. Precisamente a súa posición xeográfica levou á construción do faro de Roncadoira como apoio aos existentes na entrada á ría de Viveiro. A pista, aberta para a súa construción en 1981, atravesa primeiro campos de cultivo e despois unha paisaxe pétreo nas proximidades do faro. Neste punto contéplase unha paraxe brava, rochosa, batida polo vento e na que as aves mariñas son os únicos seres vivos visibles. Cara ao norte aparece a Illa Sarón a modo de buque ancorado fronte aos acantilados que se alongan entre a Punta de Morás e a Punta Mansa. O faro sobresaie estilizado por enriba do rochedo. Dende a súa base cadrada, pódese admirar un extenso tramo de costa entre San Cibrao e Monte de Faro.

DINÁMICA DA PAISAXE




RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade de gran valor ecolóxico e todo o sector acantilado está incluído na figuras de LIC e ZEPA, segundo a Directiva Hábitat, e ZEPVN, segundo a lei galega de espazos protexidos. Ademais contén elementos patrimoniais de interese cultural que chegaron a calar na toponimia (Monte Castelo) e na mitoloxía do lugar (lenda de San Tírso). Por outro lado, o seu perfil sobresaínte e a súa posición avanzada na costa favoreceron a instalación do faro sinalado, o que dá unha idea da cunca visual que se obtén dende esta localización. Non en van, este lugar foi seleccionado como un espazo de interese paisaxístico de referencia sobre o litoral, xa que dende este lugar se pode contemplar a beleza e harmonía da costa recortándose fronte ao mar Cantábrico cara ao poñente.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -20 m
-  -100 m
-  -500 m
-  -2000 m
-  -10 m
-  -50 m
-  -200 m
-  -1000 m
-  -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



